



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponda, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SERANTES PARA A CESIÓN DO USO DO LOCAL SOCIAL VECIÑAL.

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Francisco Charlín Oróns, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Laxe (en adiante Concello) con domicilio a estes efectos na Avenida Cesáreo Ponda nº 26 en Laxe (A Coruña), que actúa en nome e representación do Concello de Laxe, con CIF P-1504100-G, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; e o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local.

Doutra, D. Baltasar Añón Vázquez en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Serantes, (en adiante A.V. Serantes), actuando en nome e representación da Asociación de Veciños de Serantes con CIF G-15213127, con enderezo social no lugar de Trasfontáns, na parroquia de Serantes, do Concello de Laxe.

Ámbalas dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

- Que o Concello de Laxe, para xestionar os seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar certos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de promoción da cultura (artigo 25 da Lei reguladora das Bases de Régime Local).
- Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpla os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumplir as obrigacións materiais e formais que se estableceron, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.
- Que a AV. de Serantes é propietaria do local social da Asociación dos Veciños e que ten entre as súas finalidades a representación e defensa dos intereses comúns dos veciños. Que ambas partes están interesadas no desenvolvemento social e cultural da parroquia de Serantes.
- Que o Concello de Laxe conta entre as súas funcións a celebracións de convenios e concertos con institucións públicas e privadas, para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluíndose nelas como é este caso a realización de accións de fomento e difusión da cultura.
- Que ambas partes consideran como moi positivo para os veciños en xeral e para os de Serantes en particular, levar a cabo conjuntamente iniciativas e actividades que dinamicen social e culturalmente o Concello, e máis concretamente a parroquia de Serantes.
- Que ambas partes tratan de fomentar a participación dos veciños nas actividades programadas no local social, local que ven a supoñer un medio de necesario aproveitamento para facer efectiva esta política de participación cidadán.

Que a tal efecto ambas partes acordan celebrar o presente Convenio que estará suxeito as seguintes cláusulas

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Laxe e a Asociación de veciños de Serantes, coa seguinte finalidade:

Documento electrónico asinado digitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Digital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O uso do local de veciños de Serantes para poder desenvolver actividades de índole cultural e informativas tales como cursos de formación, actividades da Área Municipal de Benestar Social para os maiores, charlas informativas sobre diferentes asuntos de interese para a cidadanía, uso do local como colexio electoral nas diferentes citas electorais, exposicións, mostras...

A Asociación de Veciños de Serantes é propietaria do local social da Asociación dos Veciños e que ten entre as súas finalidades a representación e defensa dos intereses comúns dos veciños.

Que ámbalas dúas partes están interesadas no desenvolvemento social e cultural da parroquia de Serantes, e consideran como moi positivo para os veciños en xeral e para os de Serantes en particular, levar a cabo conjuntamente iniciativas e actividades que dinamicen social e culturalmente o Concello, e máis concretamente a parroquia de Serantes.

SEGUNDA.- Obrigas do Concello

O Concello e A.V. deberán coordinarse para o uso das instalacións co obxecto de facilitar o normal desenvolvemento dos seus respectivos programas de actividades. O Concello non ten potestade para prohibir o uso das instalacións do local a outras asociacións, se ben serán prioritarias as súas actividades. Sen embargo, as actividades programadas pola A.V. Serantes teñen prioridade en canto os horarios sobre as programadas polo Concello.

Como excepción, establecese o día da citas electorais que terán sempre preferencia sobre calquera actividade que se desenvolva no local, sexa quen sexa quen a realice.

Tódolos instrumentos musicais así coma outros bens móbiles pertencentes a A.V. serán do seu uso exclusivo e en consecuencia o Concello non estará obrigado a participar na súa conservación ou mantemento.

TERCEIRA.- Obrigas da Asociación de Veciños

A coordinación co Concello para o uso das instalacións co obxecto de facilitar o normal desenvolvemento dos seus respectivos programas de actividades.

A entrega no Departamento de Contabilidade do Concello das facturas e dos gastos que vaian ser pagados ao abeiro deste convenio de colaboración.

Manter unha canle de comunicación coas autoridades municipais para a resolución de calquera incidencia que se produza co uso das instalacións do Local de Veciños de Serantes.

CUARTA.- Financiación da actividade

O Concello de Laxe achegará anualmente unha contía máxima de 2.000 € para financiar os gastos aos que se fai referencia no apartado Quinto deste convenio, que se imputarán á partida orzamentaria 334.480.00 do vixente presupuesto municipal.

Durante o mes de xaneiro do exercicio seguinte ao correspondente ao período de vixencia do convenio, a AV de Serantes deberá presentar no Rrexistro Xeral do Concello a xustificación de gastos correspondentes a todo o ano de vixencia do convenio (2024), os cales, unha vez fiscalizados, serán abonados antes do 31 de marzo de 2025.

QUINTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos imputables a este convenio aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade obxecto deste convenio:

- O pago mensual da factura eléctrica.
- O Seguro de responsabilidade Civil.
- O pago dos recibos de lixo e sumidoiros.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- A limpeza do local.
- Calquera outro gasto corrente relacionado co Local, e que unha vez fiscalizado, poida imputarse a natureza das actuación contempladas neste convenio.

Só serán subvencionables os gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa firma. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

SEXTA.- Vixencia del convenio

A vixencia deste convenio será desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

SÉTIMA.- Causas de resolución del convenio

Será causa de resolución do presente convenio, o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante un aviso previo comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel foi detectado, e por expiración do prazo establecido na cláusula sexta.

OITAVA.- Natureza

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, en exemplar duplicado e para un só efecto, no lugar e na data que se indican a continuación:

Laxe (A Coruña), 28 de novembro de 2024.

O Alcalde de Laxe

Francisco Charlín Oróns



O Presidente da A.V. de Serantes

Baltasar Añón Vázquez

